



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, n.º 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

Fax: 981 776 529

web: www.betanzos.net

sede electrónica: <https://sede.betanzos.es>

endereço electrónico: correo@betanzos.net

BASES DO SERVIZO DE CAMPAMENTOS URBANOS DE VERÁN 2020

OBXECTO

O Servizo de Campamentos Urbanos de Verán 2020 supón unha alternativa de lecer para os/as nenos/as de 3 a 12 anos do municipio de Betanzos, coa finalidade da conciliación das responsabilidades familiares, persoais e profesionais ao mesmo tempo que garante a igualdade de oportunidades. Tamén persegue contribuír a diminución das desigualdades sociais e favorecer a integración dos/as menores en risco de exclusión social.

Tanto transversalmente como en actividades específicas traballarase a igualdade de xénero e a normalización lingüística.

OBXECTIVOS

Os obxectivos do Servizo son:

- Reforzar a igualdade de oportunidades.
- Favorecer a conciliación da vida familiar, persoal e laboral das familias.
- Promover a integración social dos/as menores en situación de risco.
- Previr situacións de vulnerabilidade e exclusión social nos/as menores.
- Promover o uso da lingua galega e a nosa cultura.
- Desenvolver habilidades sociais dos/as nenos e nenas para relacionarse adecuadamente.
- Fomentar a convivencia e ampliar o marco de relacións dos/as menores.
- Promover o respecto á diversidade.
- Fomentar o desenvolvemento da creatividade e as propias competencias a través do xogo.
- Fomentar a comunicación e a iniciativa capacitando aos/as nenos/as para a toma de decisións.
- Fomentar o respecto pola contorna máis inmediata e pola cidade onde viven e o medio ambiente.
- Fomentar a afección por actividades ao aire libre, exercicio físico, e o traballo en equipo.

DESTINATARIAS/OS

Poderán solicitar a súa participación no Campamento urbano de verán 2020 os nenos e as nenas nados entre os anos 2008 e 2017 (de 3 a 12 anos) que reúnan algunha de estas circunstancias:

- Empadroados/as no Concello de Betanzos. O Concello comprobará que os/as menores inscritos están empadroados/as.
- Non empadroados/as no Concello de Betanzos, se quedasen prazas dispoñibles.

Os/as nenos/as que teñan unha discapacidade igual ou superior ao 33% poderán participar nesta convocatoria sempre que teñan capacidade de integración nun grupo e que as súas necesidades especiais lles permitan participar e beneficiarse das actividades que se van desenvolver, o que deberá ser acreditado mediante informe médico, educativo ou social.

Segundo a RESOLUCIÓN do 19 de decembro de 2019, da Secretaria Xeral da Igualdade, pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a promoción da igualdade, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, cofinanciadas polo Fondo Social Europeo (FSE), con cargo ao programa operativo FSE Galicia 2014-2020, e polo Pacto do Estado contra a violencia de xénero, e se procede á súa convocatoria no ano 2020 (códigos de procedemento SI435B, SI435A, SI427B, SI435C), teranse en conta ás unidades familiares con ingresos non superiores a 6,5 veces o IPREM 2019, límite que se incrementa un 15% máis cando se trate de familias monoparentais ou numerosas.

Debido á situación de crise sanitaria, e ás dificultades de conciliación de nais, pais e titores/as traballadores, terán prioridade no acceso ao campamento aquelas nenas e aqueles nenos que formen parte destas unidades de convivencia.

No caso de que non se cubrisen as prazas previstas con nenos e nenas que reúnan os requisitos previstos nos apartados anteriores, admitiranse nenos e nenas empadroadas noutros concellos por orde de inscrición.

LUGAR E DATA

O servizo desenvolverase no CEIP Francisco Vales Villamarín.

Os campamentos desenvólvense en tres quendas, de luns a venres agás festivos:

- Do 1 de xullo ao 17 de xullo (13 días)
- Do 20 ao 31 de xullo (10 días)
- Do 3 ao 14 de agosto (10 días)

HORARIO

- Entrada: 09:00 ou 10:00 h.
- Hora da recollida: 13:00 h ou 14:00 h para favorecer a conciliación familiar, persoal e laboral.

PAZAS

Ofértanse un máximo de 60 prazas, 20 prazas en cada unha das 3 quendas. Será necesario un mínimo de 10 nenos/as en cada quenda para realizar a actividade.

CUSTO

- O custo do servizo será de 50 € por neno/a en cada quenda de acordo coa Ordeanza fiscal do prezo público n.º 2 e o acordo da Xunta de Goberno Local publicado no BOP da Coruña do 13/07/2015 .
- Desconto do 20% no cada fillo/a no caso de acreditar ser familia numerosa.
- Reserváranse 6 prazas en total para casos de exclusión social debidamente acreditados polos Servizos Sociais Municipais.

ACTIVIDADES

As actividades terán como eixo vertebrador a igualdade entre nenas e nenos, a través de iniciativas lúdicas de ocio e tempo libre (xogos, obradoiros, etc.). Así, tanto a igualdade como a normalización lingüística estarán presentes de maneira transversal e en actividades específicas.

A través do xogo cooperativo trátaranse valores de respecto, igualdade de oportunidades, resolución de conflitos e o fomento da nosa cultura e lingua galega.

Debido á situación provocada pola COVID-19, este ano restrínxense as saídas.

PREINSCRICIÓN

Os prazo de preinscrición será o seguinte para todas as quendas:

Do 3 ao 12 de xuño

De quedar prazas dispoñibles poderanse apuntar ata cubrir as mesmas fora do prazo de preinscrición e despois de avisada a lista de espera.

O impreso de preinscrición dos campamentos de verán 2020 poderá obterse en:

- Sede electrónica do Concello de Betanzos.
- Páxina web municipal www.betanzos.gal.

A documentación a presentar na preinscrición:

- Impreso de preinscrición debidamente cuberto.
- Fotocopia da tarxeta sanitaria do/a neno/a.
- Título de familia numerosa, se se solicita a bonificación por ese concepto.
- Para as prazas reservadas por risco de exclusión, a documentación necesaria para realizar esta valoración e previa cita no departamento de Servizos Sociais.

Presentación:

- Sede electrónica do Concello de Betanzos.

PUBLICACIÓN DA LISTAXE PROVISIONAL DE ADMITIDOS/AS

A listaxe provisional de admitidos/as publicárase o 17 de xuño.

Poderase consultar na páxina web municipal www.betanzos.gal ou nos taboleiros de anuncios de Servizos Sociais e o Liceo.

ADXUDICACIÓN DE PRAZAS

- **Directa:** a adxudicación será directa no caso que non se supere o número de prazas dispoñibles.
- **Sorteo público:** Se o número de solicitudes supera as prazas dispoñibles, antes da publicación da listaxe de admitidos/as realízase un sorteo público no salón azul do Liceo o día anterior a publicación da lista de admitidos/as, o 16 de xuño. No sorteo segúranse as premisas de prioridade recollidas anteriormente.

Os irmáns ou irmás inscritos/as para a mesma quenda poderán participar no sorteo cunha papeleta única.

Así mesmo o sorteo dará lugar a unha lista de agarda. No caso de que os/as admitidos/as non realicen o ingreso do custo do servizo en prazo ou renuncien á praza obtida por sorteo, chamarase telefonicamente aos/ás integrantes da lista. No caso de non ser localizados/as tras tres chamadas a diferentes horas, pasarase ao/á seguinte da lista.

No caso de existir prazas vacantes xa iniciada a actividade, as crianzas poderanse incorporar nelas despois do comezo sempre que se conserve a ratio monitor/a-nena/o.

PAGAMENTO

As cotas pagaranse unha vez aparecido na lista de admitidos/as o nome do/a neno/a e sempre con anterioridade ao inicio da actividade a través dunha transferencia na conta do Banco Sabadell co IBAN ES23 0081 2215 6900 0114 5819.

Na transferencia deberase indicar o nome e apelidos do/a neno/a e como concepto "Campamento de verán 1.º quenda/ 2.ª quenda/ 3.ª quenda".

Unha vez realizado o ingreso o xustificante envíase por correo electrónico a marta.pineiro@betanzos.gal. **Prazo máximo o 25 de xuño.**

RENUNCIA A PRAZA E DEVOLUCIÓN DO IMPORTE

Se unha vez obtida a praza e aboado o prezo correspondente non puidese asistir á actividade por causa médica, só terá dereito á devolución da cota no caso de que comunique e xustifique a renuncia por escrito cun informe médico e solicite a devolución da cantidade aboada, antes do inicio da actividade.

Os campamentos están distribuídos en quendas de mínimo dúas semanas, non poderán pagarse semanas por separado.

REUNIÓN INFORMATIVAS

Antes do inicio dos campamentos haberá unha reunión informativa para as familias coa empresa encargada do desenvolvemento do campamento no Salón Azul do Liceo:

- Día 26 xuño ás 19:30h

NORMAS

A inscrición na actividade supón o compromiso de aceptación das normas.

Dereitos dos/as usuarios/as:

- Bo trato por parte do persoal do servizo e dos/as outros/as usuarios/as.
- A confidencialidade sobre os seus datos sanitarios, económicos e sociofamiliares.
- Proporcionarlle a atención socioeducativa precisa para o seu desenvolvemento integral.
- Favorecer a súa participación no servizo.

Obrigas dos/as usuarios/as:

- Incorporarse á actividade nos horarios establecidos.
- Non abandonar a actividade sen autorización da persoa responsable.
- Entregar a documentación requirida.
- Para a recollida das/os menores sempre será requirida a comparecencia dalgunha das persoas que figuran autorizadas.
- Respetar as normas establecidas polos equipos de monitoras/es de cada campamento, así como as de réxime interno das instalacións onde se desenvolvan.
- Non transferir a praza asignada.
- Manter unha actitude de respecto e consideración co persoal e cos/as demais usuarios/as.

O incumprimento reiterado das normas establecidas suporá causa de baixa.

ANEXO. SOLICITUDE

SOLICITUDE CAMPAMENTOS URBANOS DE VERÁN 2020					
DATOS DO/A NENO/A					
NOME:			APELIDOS:		
DNI/NIF:			TELÉFONO/S:		
IDADE:			DATA NACEMENTO:		
ENDEREZO POSTAL:					
CIDADE:			PROVINCIA:		C.P.:
ENDEREZO ELECTRÓNICO:					
EMPADROADO/A:	☐ SI	☐ NON	PADECE ALERXIA/S?:	SI ☐ NON ☐	CAL?:
SOLICITO ASISTIR Á SEGUINTE ACTIVIDADE DE VERÁN					
Campamento de verán “Betanzos Concilia”, 1.ª quenda (3 a 12 anos), do 1 de xullo ao 17 de xullo					
Entrada: ☐ 09:00 h ☐ 10:00 h			Saída: ☐ 13:00 h ☐ 14:00 h		
Campamento de verán “Betanzos Concilia”, 2.ª quenda (3 a 12 anos), do 20 de xullo ao 31 de xullo					
Entrada: ☐ 09:00 h ☐ 10:00 h			Saída: ☐ 13:00 h ☐ 14:00 h		
Campamento de verán “Betanzos Concilia”, 3.ª quenda (3 a 12 anos), do 3 de agosto ao 14 de agosto					
Entrada: ☐ 09:00 h ☐ 10:00 h			Saída: ☐ 13:00 h ☐ 14:00		
INGRESOS DA UNIDADE FAMILIAR					
☐ ATA 6,5 VECES O IPREM		☐ DESDE 6,5 VECES O IPREM ATA UN 15% MÁIS			
AUTORIZO					
AO CONCELLO DE BETANZOS A CONSULTAR NO PADRÓN MUNICIPAL OS MEUS DATOS DE EMPADROAMENTO. ☐					
SOLICITO BONIFICACIÓN POR RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL (PRECÍSASE INFORME DE SERVICIOS SOCIAIS, DEBERÁ SOLICITAR UNHA CITA NO MESMO DEPARTAMENTO)					☐
AUTORIZACIÓN PARA A ASISTENCIA (Pai/ nai ou titor/a)					
NOME E APELIDOS:					DNI/NIF:
COMO PAI/NAI OU TITOR/A DE:					
AUTORÍZOO/A A ASISTIR Á ACTIVIDADE SINALADA ENRIBA E A TODAS AS SAÍDAS PROGRAMADAS FÓRA DO LUGAR HABITUAL DE DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE.					
AUTORIZACIÓN PARA A RECOLLIDA (Cubrir no caso de que a persoa de recollida non sexa a mesma que a que autoriza a asistencia)					
NOME E APELIDOS:					DNI/NIF:
COMO PAI/NAI OU TITOR/A DE:					☐ COMUNICO E AUTORIZO
QUE PODE SER RECOLLIDO/A Á SAÍDA POR (nome, apelidos e DNI)					

AUTORIZACIÓN PARA O USO DE IMAXE DO/A MENOR DE IDADE (Pai/ nai ou titor/a)			
NOME E APELIDOS:		DNI/NIF:	
COMO PAI/NAI OU TITOR/A DE:		☐ AUTORIZO	☐ NON AUTORIZO
AO CONCELLO DE BETANZOS Á PUBLICACIÓN E REPRODUCCIÓN EN DIFERENTES MEDIOS (PUBLICACIÓNS, PÁXINA WEB...) DAS FOTOGRAFÍAS EN QUE APARECE O MEU FILLO OU FILLA PARTICIPANDO EN ACTIVIDADES ORGANIZADAS POLO CONCELLO DE BETANZOS. ESTE MATERIAL GRÁFICO ESTARÁ SUXEITO A USO EXCLUSIVAMENTE EDUCATIVO E DIVULGATIVO.			
LUGAR:	DATA:	SINATURA:	
INFORMACIÓN SOBRE CAMPAMENTOS URBANOS VERÁN 2020			
CAMPAMENTOS DE VERÁN BETANZOS CONCILIA (1.ª- 2.ª- 3.ª QUENDA)			
Actividades de lecer pedagógico e de carácter convivencial, con eixo vertebrador a igualdade entre nenas e menos.			
DATAS: 1.ª QUENDA: 1 - 17 XULLO 2.ª QUENDA: 20 - 31 XULLO 3.ª QUENDA: 3 - 9 AGOSTO (DE LUNS A VENRES, AGÁS FESTIVOS)		LUGAR: CEIP FRANCISCO VALES VILLAMARÍN	
HORARIO: ENTRADA 09:00 H OU 10:00 H – 13:00 H OU 14:00 H (SERVIZO CONCILIACIÓN)			
IDADES: 3 – 12 ANOS		+ INFO: 981 770 707	
PRAZO ÚNICO DE INSCRICIÓN: 3-12 XUÑO			COTA: 50 EUROS
LUGAR DE INSCRIPCIÓN: SEDE ELECTRÓNICA DO CONCELLO DE BETANZOS			
PRAZAS: 20 POR QUENDA (REQUÍRESE UN MÍNIMO DE 10 PARTICIPANTES POR QUENDA PARA REALIZAR A ACTIVIDADE)			
INFORMACIÓN SOBRE ADXUDICACIÓN DE PRAZAS E PAGAMENTO DA COTA			
As prazas adxudicaranse de forma directa ou por sorteo público se a demanda excede o nº de prazas. Terán prioridade os/as nenos/as empadroados/as en Betanzos. A adxudicación das prazas publicarse na páxina web www.betanzos.gal antes do inicio da actividade. É necesario entregar unha copia da tarxeta sanitaria xunto coa solicitude dos Campamentos de verán “Betanzos Concilia” 1.ª quenda / 2.ª quenda / 3.ª quenda.			
As cotas pagaranse unha vez confirmada a praza e antes de iniciar a actividade a través dunha transferencia na conta do Banco Sabadell co IBAN ES23 0081 2215 6900 0114 5819. Deberase indicar o nome e apelidos do/a neno/a e como concepto “Campamento de verán Betanzos Concilia. 1.ª quenda/ 2.ª quenda/ 3.ª quenda”. As persoas solicitantes que teñan o título de familia numerosa, condición que deben acreditar documentalmente, terán un desconto do 20% en cada fillo/a.			